


EDUCAR EN VERDE

RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS

POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

Miriam
Campos
Leirós



EDUCACIÓN ECOSOCIAL. LA RESPUESTA A LOS RETOS DEL SIGLO XXI. Tébar Flores, 2024.

A autora propón unha mirada integral, cuestionando o individualismo e poñendo en valor conceptos como cidadanía e ben común. Cun enfoque práctico e perspectivas provocadoras, convida á reflexión e á acción, debuxando un camiño educativo cara a un futuro máis equitativo, sostible e consciente. Desde a análise de diferentes áreas de vida, fanse propostas educativas para familias ou para materializar na aula.


En préstamo en



Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

A CONSTRUÇÃO DO CAMPO DA EDUCAÇÃO AMBIENTAL: ANÁLISE, BIOGRAFÍAS E FUTUROS POSSÍVEIS. Lupa, 2024.

Ao longo do libro delineanse, por medio das palabras de educadores ambientais do México, Canadá e España, un conxunto de análises, reflexións, ollares, perspectivas, dúbidas, nostalxias e alegrías sobre o que ten sido o proceso de construción do campo da Educación Ambiental. Destácanse algúns de seus aspectos máis relevantes, mais sen ocultar as dificultades para a súa consolidación nos procesos educativos críticos, participativos, democráticos e reflexivos.




Miguel A.
Arias
Ortega

Descárgao en



<https://goo.su/akKYC>

Nina
Chakrabarti



HOLA, NATURA : EXPLORA, DIBUJA, CREA Y DESCUBRE LA NATURALEZA.

Coco Books, 2024.

Este libro é unha carta de amor á natureza na que o lector pode participar. O libro está repleto de actividades xeniais e datos fascinantes para debuxar, garabatear e colorear. A través das fermosas ilustracións, pódense explorar as marabillas que atopamos no bosque, no xardín e mesmo nas nosas habitacións.

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas:[Rialeda\(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Universitarias:[UVIGO](#)

BIODIVERSIDAD, CLIMA Y FENOLOGÍA. TRABAJANDO CON LA CIENCIA CIUDADANA. Centre de Educació Ambiental de la Comunitat Valenciana, 2024.

Un proxecto educativo que trata sobre a biodiversidade e a fenoloxía das plantas (dos cambios fenolóxicos que está a xerar o cambio climático). Adaptándose e contextualizado as ferramentas científicas e de xestión que se utilizan no proxecto Bioclima e no BDB, a través das cales se recompilan datos coa participación cidadá, para darlles unha visión educativa e ofrecer ao colectivo docente.



Varios
Autores

Descárgao en



<https://acortar.link/P01X92>



CEACV



PON POR DELANTE LAS PRIMERAS ERRES.

Centre d'Educació Ambiental de la Comunitat Valenciana, 2024.

Con esta guía trátase de fomentar hábitos sostibles con consellos prácticos para reducir e reutilizar, priorizando o modelo de "residuo cero". Aborda temas como o consumo responsable, a economía circular e a loita contra a obsolescencia programada, empoderando aos cidadáns con ferramentas para un cambio significativo.

Descárgao en



<https://acortar.link/XmahUd>

CUÑADOPEDIA VOLUMEN II: CAMBIO CLIMÁTICO.

Sherezade, 2024.

Nos guste ou non, as nosas vidas mudou debido á crise climática na que estamos inmersas. Cando se fala deste fenómeno, habitualmente emprégase unha linguaxe moi técnica e difícil de comprender. Esta guía divertida e científica pretende responder preguntas frecuentes sobre o cambio climático. Ofrece explicacións claras e argumentos baseados na evidencia, converténdose nunha ferramenta accesible para educar e convencer sobre a importancia de actuar fronte á crise climática.



En Plan
Planeta

Descárgao en



<https://xn--cuadopedia-u9a.com/clima.html>



Varios
Autores



POSTURAS JUVENILES ANTE EL CUIDADO DE SU SALUD Y LA SOSTENIBILIDAD MEDIOAMBIENTAL. Centro Reina Sofía, Fad Juventud y Fundación Pfizer, 2024.

Unha análise profunda de como a mocidade en España percibe e responde á crise climática, revelando non só as súas preocupacións, senón tamén os obstáculos que enfrontan para adoptar prácticas sostibles e máis enfocadas ao coidado da saúde individual e global. Para visibilizar que a saúde humana, a animal e a ambiental están estreitamente relacionadas e son interdependentes.

Descágo en



<https://goo.su/G4z8B8>

UNA ALIMENTACIÓN PARA ENFRIAR EL PLANETA. Amigos de la Tierra, Germinando e Ayto. de Madrid, 2021.

Unha guía para traballar a alimentación e os ODS a través do horto escolar. O obxectivo é proporcionar as ferramentas para cambiar os hábitos alimentarios e camiñar así cara a un consumo consciente, sostible e socialmente xusto. Cun enfoque de soberanía alimentaria que relacione a nosa alimentación co coidado do noso medio ambiente e a mitigación do cambio climático.



Flavia Barrio,
Marian Lorenzo,
Amal Waldi

Descágo en



<https://goo.su/EfwP7Vj>





RECIDA



LA LECTURA COMO HERRAMIENTA DE CAMBIO. Selección de narrativa ambiental desde RECIDA, la red de bibliotecas verdes. OAPN, Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, 2024.

Esta guía para profesorado abarca unha pequena selección por cada un dos xéneros literarios seleccionados: novela/ficción, ensaio/ non ficción, poesía e cómic, publicados ou traducidos en España nos dous últimos anos. títulos que, pola súa calidade e relevancia, merecen ser lidos por calquera persoa interesada en profundar na intersección entre a literatura e o medio ambiente .

Descárgao en


<https://acortar.link/6iLAGG>

METEOROLOXÍA. UNIDADE DIDÁCTICA.

MeteoGalicia.

Con este recurso os alumnos/as poderán achegarse ao mundo da meteoroloxía e ao traballo dun meteorólogo/a, reforzar a capacidade de análise dos datos e familiarizarse co emprego da informática para a presentación dos traballos. A recollida de datos realizarase mediante a páxina web de MeteoGalicia, buscando a estación meteorolóxica máis próxima á súa localidade. A presentación do informe realizarase mediante un programa ofimático, definindo previamente o número de diapositivas e o modelo para cubrir cos datos obtidos.



Meteogalicia

Descárgao en


<https://lc.cx/5NjmEr>

BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

FONDOS
PARA TODA A
CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 29.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

SERVIZOS
DIRIXIDOS A
CENTROS
EDUCATIVOS

+INFO

<https://bit.ly/2mPg90v>